

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

15123 *Real decreto 1131/2010, do 10 de setembro, polo que se establecen os criterios para o establecemento das zonas remotas para efectos de eliminación de certos subprodutos animais non destinados a consumo humano xerados nas explotacións gandeiras.*

Mediante o Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, ditáronse as disposicións específicas de aplicación en España do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano.

O artigo 24 do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, establece excepcións ao réxime xeral de eliminación dos subprodutos de orixe animal. En aplicación do dito precepto, o artigo 9.1.b) do Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, prevé os supostos de incineración ou enterramento, realizados in situ en ambos os casos, de determinados subprodutos procedentes de zonas remotas.

O citado Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, foi substituído polo Regulamento (CE) n.º 1069/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002, ben que este non é aplicable senón a partir do 4 de marzo de 2011, polo que é preciso, por tanto, establecer os criterios básicos con base nos cales as autoridades competentes poidan delimitar as zonas remotas, para posibilitar a aplicación da antes mencionada excepción que prevé a regulamentación comunitaria aplicable nestes momentos. Por outro lado, idéntica excepción se prevé no artigo 19.1.b) do Regulamento (CE) n.º 1069/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de setembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer os criterios para o establecemento polas autoridades competentes das zonas remotas para os efectos previstos no artigo 9.1.b) do Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, en relación cos subprodutos xerados nas explotacións gandeiras.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta norma entenderanse como unidades de gando maior (UGM) totais a suma das UGM de cada especie, aplicándose a seguinte táboa de conversión:

Especie animal: ovino-caprino:

Tipo de animal: año de leite e cabritos. UGM: 0,02.

Tipo de animal: año UGM: 0,05.

Tipo de animal: reposición UGM: 0,10.

Tipo de animal: reprodutores. UGM: 0,15.

Especie animal: vacún:

Tipo de animal: ata 6 meses. UGM: 0,20.

Tipo de animal: entre 6 e 24 meses. UGM: 0,60.

Tipo de animal: de máis de 24 meses. UGM: 1,00.

Especie animal: equino:

Tipo de animal: poldros. UGM: 0,30.

Tipo de animal: reposición. UGM: 0,60.

Tipo de animal: reprodutores. UGM: 0,90.

Especie animal: porcino:

Tipo de animal: leitóns. UGM: 0,02.

Tipo de animal: porco de ceba. UGM: 0,12

Tipo de animal: reposición. UGM: 0,14.

Tipo de animal: porcas reprodutoras. UGM: 0,25.

Tipo de animal: verróns. UGM: 0,30.

Especie animal: coellos:

Tipo de animal: reprodutores. UGM: 0,01.

Tipo de animal: ceba. UGM: 0,004.

Especie animal: aves.

Tipo de animal: galiña. UGM: 0,009.

Tipo de animal: recría galiñas. UGM: 0,004.

Tipo de animal: reprodutores. UGM: 0,010.

Tipo de animal: recría reprodutores. UGM: 0,006.

Tipo de animal: polo ceba. UGM: 0,004.

Tipo de animal: pavos. UGM: 0,004.

Tipo de animal: patos reprodutores, patos embuchados. UGM: 0,008.

Tipo de animal: patos de ceba. UGM: 0,004.

Tipo de animal: avestruces adultas. UGM: 0,1

Tipo de animal: avestruces ceba. UGM: 0,022.

Artigo 3. *Criterios para establecer unha zona remota.*

Para que a autoridade competente estableza a delimitación das zonas remotas, estas deberán cumprir os seguintes criterios:

1. No caso das comunidades autónomas insulares, e das cidades de Ceuta e Melilla, ausencia de plantas de transformación ou de plantas de incineración adecuadas ou suficientes para o tratamento dos subprodutos que se queiran exceptuar.

2. No resto do territorio nacional, ou no caso de territorio insular que non cumpra o número anterior, a valoración e a conxugación de, polo menos, dous dos seguintes criterios:

a) Baixa densidade gandeira: o cálculo da dita densidade realizarase co cociente das UGM totais da zona pola súa superficie, de forma que o resultado sexa significativamente inferior á densidade gandeira media do seu territorio.

b) Accesibilidade á zona: valoraranse a necesidade ou non do uso de vías secundarias e de pistas sen asfaltar, o illamento ou a dificultade de acceso durante períodos de tempo nos cales as condicións climáticas son adversas ou a elevada altitude das zonas montañosas.

c) Distancia da zona ás plantas de transformación ou ás incineradoras: valorarase a distancia que hai que percorrer ata os ditos establecementos, xunto co tempo de desprazamento, o volume de subprodutos que se recollerán das explotacións, así como o incremento significativo do custo da recollida dos cadáveres en relación á media do custo de recollida na mesma comunidade autónoma.

d) Actividade produtiva limitada pola protección do hábitat natural: valorarase se as explotacións gandeiras están situadas ou se encontran na área de influencia directa dos parques nacionais ou outros espazos naturais protexidos e, polo tanto, as explotacións gandeiras exercen a súa actividade segundo prácticas tradicionais de integración no seu ecosistema.

Artigo 4. *Ámbito territorial da zona remota e límite máximo.*

1. O ámbito territorial para que a autoridade competente defina unha zona remota será a comarca ou a unidade veterinaria local. En casos excepcionais, nos cales as valoracións dos criterios de zonas remotas entre entes locais da mesma comarca sexan discordantes, a autoridade competente poderá decidir que determinadas zonas remotas estean constituídas soamente por un ou varios entes locais.

2. O límite máximo para que cada autoridade competente defina as súas zonas remotas será do 10 por cento das UGM totais de todo o seu territorio, salvo nas comunidades autónomas insulares e nas cidades de Ceuta e Melilla.

Artigo 5. *Incineración ou enterramento in situ.*

Para a autorización da incineración ou enterramento in situ nas zonas remotas dos subprodutos xerados nas explotacións gandeiras, e sen prexuízo das condicións establecidas no anexo II do Regulamento (CE) n.º 811/2003, da Comisión, do 12 de maio de 2003, polo que se aplican as disposicións do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 relativas á prohibición da reciclaxe dentro da mesma especie no caso dos peixes, ao enterramento e á incineración de subprodutos animais e a determinadas medidas transitorias, a autoridade competente velará para que as ditas operacións se leven a cabo tendo en conta as guías ou recomendacións existentes para o efecto elaboradas pola Comisión Nacional de Subprodutos de Orixe Animal non Destinados a Consumo Humano, pola Comisión Europea ou outras existentes.

Artigo 6. *Información.*

As autoridades competentes remitirán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, no prazo máximo dun mes desde o seu establecemento, as zonas remotas delimitadas, así como, se for o caso, as modificacións, para o seu traslado á Comisión Europea.

A relación de zonas remotas e as súas modificacións farase pública, polo menos, a través da páxina web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de setembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA